

De acordo co anterior, o Goberno xa aprobou durante este ano de 2006 dous reais decretos lei que incrementaron os tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco. Ademais, o segundo deles (o Real decreto lei 2/2006, do 10 de febreiro, polo que se modifican os tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco, se establece unha marxe transitoria complementaria para os expendedores de tabaco e timbre e se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco) estableceu tamén un tipo mínimo único exixible respecto dos cigarros cando a suma das cotas resultantes da aplicación dos tipos ordinarios proporcional e específico sexa inferior a aquel.

Non obstante, os referidos incrementos impositivos non foron trasladados aos prezos de venda ao público dos cigarros polos seus fabricantes e importadores na medida esperada, existindo unha fracción significativa do mercado de cigarros cuxos prezos de venda ao público se encontran aínda por debaixo dos niveis desexables desde a perspectiva sanitaria.

Por esta razón, este real decreto lei procede a un incremento do tipo mínimo único exixible respecto dos cigarros, que pasa a situarse en 70 euros por 1.000 cigarros. Isto haberá de favorecer un incremento dos prezos de venda ao público dos cigarros que actualmente presentan un prezo máis baixo, o que se considera necesario para a consecución dos obxectivos de política sanitaria antes aludidos.

Por último, en canto ao recurso á figura xurídica do real decreto lei, elixido para esta medida, débese destacar que, por unha parte, se trata dunha modificación que afecta os tipos impositivos, sometida, por tanto, ao principio de reserva de lei. Por outra parte, unha tramitación parlamentaria ordinaria distanciaría no tempo o momento do coñecemento público da medida e o da súa entrada en vigor, o que podería afectar negativamente a súa propia efectividade e provocar ademais condutas especulativas e outras distorsións indesexadas no mercado.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86.1 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de novembro de 2006,

DISPONGO:

Artigo único. *Imposto sobre os elaborados do tabaco.*

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, a epígrafe 5 do artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, quedará redactada como segue:

«Epígrafe 5. Os cigarros estarán gravados ao tipo único de 70 euros por cada 1.000 cigarros cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos da epígrafe 2 sexa inferior á contía do tipo único establecido nesta epígrafe.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

19623 *CORRECCIÓN de erros do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. («BOE» 270, do 11-11-2006.)*

Advertidos erros no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publicado no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 10 en lingua galega, do 1 de agosto de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1596, primeira columna, artigo 82.1.b), segunda liña, onde di: «..., alínea a) do artigo 69...», debe dicir: «..., número 1 do artigo 69...».

Na páxina 1602, primeira columna, disposición transitoria segunda, terceira liña, onde di: «... previsto na letra e) do artigo 24 deste regulamento,...», debe dicir: «... previsto no número 5 do artigo 24 deste regulamento,...».

Na páxina 1602, segunda columna, disposición transitoria cuarta, décima liña, onde di: «... órganos previstos no artigo 36.4.b) deste regulamento,...», debe dicir: «... órganos previstos no artigo 36.4.a) deste regulamento,...».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

19624 *REAL DECRETO 1227/2006, do 27 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento. («BOE» 270, do 11-11-2006.)*

A normativa básica que regula en España o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles é o Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.

Posteriormente púxose de manifesto a necesidade de relacionar este programa coas particularidades dos medios de identificación oficial en ovino, contidas no Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

Para evitar unha excesiva proliferación de documentación que acompañe o traslado dos animais da especie ovina incluídos no programa nacional que regula este real decreto, en relación coa certificación individual do xenotipo dos animais, e para unha maior economía administrativa, parece congruente eliminar a expedición «de oficio» destas certificacións, máxime cando a información

do xenotipo é un dato que debe figurar con carácter obrigatorio nos certificados xenealóxicos dos animais e a normativa comunitaria ao respecto non establece como requisito indispensable para o intercambio de animais a certificación a que se alude no artigo 15 do Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro.

Por outra parte, e para evitar unha posible dualidade de interpretacións na instrumentación de subvencións públicas ao sistema de identificación animal, cómpre deixar sen contido o artigo 18 do Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro.

Finalmente, e para facilitar que as distintas comunidades autónomas poidan publicar as convocatorias de subvencións dos fondos transferidos en conferencia sectorial, procede establecer un prazo de presentación de solicitudes de subvención máis amplo durante o primeiro ano de aplicación desta liña de axudas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de outubro de 2006,

DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvenciones para o seu desenvolvemento.*

O Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Suprímese a alínea d) do artigo 2.

Dous. O artigo 10 queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Método para a identificación dos ovinos.*

1. Todos os animais participantes no Programa nacional de xenotipado ovino deberán estar identificados de acordo co Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, salvo o disposto na disposición transitoria.

2. O sistema de identificación previsto no Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, aplicaráselles tamén aos animais participantes no Programa nacional de xenotipado ovino nados antes do 9 de xullo de 2005.

Non obstante, a autoridade competente poderá decidir manter os medios de identificación que tiveren eses animais conforme a normativa vixente no momento da súa identificación, aínda que se deberá aplicar un identificador electrónico consistente nun bolo ruminal. O código de identificación do dito identificador electrónico non poderá pertencer ao rango dos reservados para a identificación do gando ovino de acordo co Real decreto 947/2005, do 29 de xullo.»

Tres. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Certificación do xenotipo dos animais.*

1. Correspóndelles ás autoridades competentes das comunidades autónomas expedir, a pedido do propietario, a certificación do xenotipo

dos seus animais que participen no Programa nacional de xenotipado ovino.

2. A expedición de certificados do xenotipo dos animais participantes no Programa nacional de xenotipado ovino deberase basear nos datos contidos no sistema de información Aries, e terá efectos en todo o territorio nacional.

3. O certificado conterá, como mínimo, a seguinte información: número de certificado, código de identificación individual do animal, raza, sexo, xenotipo, data da análise, código da explotación onde o animal é xenotipado por vez primeira e data de emisión do certificado.

4. As cartas xenealóxicas expedidas polas organizacións oficialmente recoñecidas deberán incluír a información sobre o xenotipo do xene PRNP. Esa información deberase basear nos datos contidos no sistema de información Aries e terá efectos en todo o territorio nacional.»

Catro. Suprímese o artigo 18.

Cinco. O número 2 da disposición derradeira segunda queda redactado como segue:

«2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a modificación dos anexos para efectos da súa adecuación á normativa comunitaria ou por motivos urxentes de zootecnia ou de sanidade animal, para a actualización das contías das axudas previstas no capítulo VIII para a súa adecuación á evolución do índice de prezos de consumo, e para modificar a data máxima de presentación de solicitudes das axudas previstas no artigo 23.1.»

Seis. O anexo II modifícase da seguinte maneira:

a) Os puntos A)1.a) e A)1.b) quedan redactados do seguinte modo:

«A)1.a) Todos os animais do rabaño cuxo xenotipo se vaia determinar se identificarán individualmente de conformidade co especificado no artigo 10.

A)1.b) Será obrigatorio determinar o xenotipo de todos os reprodutores da explotación antes de que se utilicen para tal fin. Así mesmo, poderanse voluntariamente xenotipar os descendentes de reprodutores xenotipados que poidan ser destinados á reprodución. Estes animais, sempre e cando non sexan identificados conforme o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, deberán xenotiparse de novo antes de seren destinados á reprodución e identificarse conforme a citada norma.»

b) Os puntos B a) e B b) quedan redactados do seguinte modo:

«B a) Todos os animais do rabaño cuxo xenotipo se vaia determinar se identificarán individualmente de conformidade co especificado no artigo 10.

B b) Será obrigatorio determinar o xenotipo de todos os reprodutores da explotación antes de que se utilicen para tal fin. Así mesmo, poderanse voluntariamente xenotipar os descendentes de reprodutores xenotipados que poidan ser destinados á reprodución. Estes animais, sempre e cando non sexan identificados conforme o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, deberán xenotiparse de novo antes de seren destinados á reprodución e identificarse conforme a citada norma.»

Disposición transitoria única. *Prazo de presentación de solicitudes de subvencións durante o ano 2006.*

Non obstante o estipulado no artigo 23, o prazo de presentación das solicitudes de axuda durante o ano 2006 poderá ser ampliado ata o 30 de novembro de 2006.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

19625 *REAL DECRETO 1301/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as normas de calidade e seguranza para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, a almacenaxe e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos. («BOE» 270, do 11-11-2006.)*

O transplante de células e tecidos humanos é unha área da medicina que experimentou un enorme crecemento nos últimos anos e está proporcionando grandes posibilidades terapéuticas para moitos pacientes.

A súa crecente utilización clínica require a aprobación dunha norma que participe dos principios de voluntariedade, anonimato entre doador e receptor, altruísmo e solidariedade que caracterizan o modelo de transplantes do Sistema Nacional de Saúde e que recolla os avances técnicos e científicos producidos nesta materia, ao mesmo tempo que prevexa os sistemas de control dos procesos que se suceden desde a obtención das células e dos tecidos ata a súa implantación, e as condicións que deben reunir os centros e as unidades de obtención e aplicación e os establecementos de tecidos. Todo iso co obxectivo de asegurar a calidade e a seguranza das células e dos tecidos utilizados que eviten a transmisión de enfermidades e faciliten a súa utilización terapéutica.

Ademais, este real decreto establece que a dispoñibilidade de células e tecidos humanos con fins terapéuticos depende, en gran medida, da disposición dos cidadáns a facer efectivas as doazóns, e de aí que, como se lles recomendou reiteradamente aos Estados membros desde as institucións da Unión Europea, se promova a existencia de sistemas e canles de información precisos sobre a doa-

zón destas células e os tecidos, así como de criterios transparentes e obxectivos de acceso a estas células e os tecidos sobre a base dunha avaliación obxectiva das necesidades médicas, e se fomente unha participación destacada do sector público e das organizacións sen ánimo de lucro na prestación dos servizos de utilización de células e tecidos humanos.

No ámbito da Unión Europea, estes obxectivos, así como a necesidade de asegurar regulacións nacionais harmonizadas nesta materia, quedaron plasmados na Directiva 2004/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa ao establecemento de normas de calidade e de seguranza para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, a almacenaxe e a distribución de células e tecidos humanos, e na Directiva 2006/17/CE da Comisión, do 8 de febreiro de 2006, pola que se aplica a Directiva 2004/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo a determinados requisitos técnicos para a doazón, a obtención e a avaliación de células e tecidos humanos. Este real decreto incorpora ao noso ordenamento xurídico os seus contidos.

Os principios deste real decreto débense aplicar a todos os tecidos e células humanas, incluíndo as células proxenitoras hematopoéticas de sangue periférico, cordón umbilical ou medula ósea; as células reprodutoras, excepto nos aspectos regulados na Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida; as células e os tecidos fetais, e as células troncais adultas e embrionarias cando a súa finalidade sexa o uso terapéutico ou a aplicación clínica.

Quedan excluídos, porén, o sangue e os produtos sanguíneos, a excepción das células proxenitoras hematopoéticas e os órganos humanos. Tampouco cobre os procedementos de investigación con células e tecidos que non inclúan unha aplicación no corpo humano (investigación in vitro ou en modelos animais), xa que só se lles exixirán as normas de calidade e de seguranza que no real decreto se recollen a aqueles tecidos e células que se utilicen en ensaios clínicos con aplicacións en seres humanos.

Esta norma prevé, ademais, a posibilidade de que existan establecementos entre cuxas actividades figure a preservación de células e/ou os tecidos para un eventual uso autólogo. Aínda que non existe unha base científica actual nin apoio das institucións europeas á devandita práctica, considerouse necesario regulala dada a presenza e progresiva implantación deste tipo de establecementos nos países da nosa contorna. Este real decreto establece as condicións que tales establecementos deben cumprir.

Na redacción deste real decreto tívose en conta a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea e o convenio do Consello de Europa para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano respecto das aplicacións da bioloxía e a medicina, suscrito en Oviedo o día 4 de abril de 1997, e que entrou en vigor en España o 1 de xaneiro de 2000. Desde o punto de visto do ordenamento xurídico interno, no tratamento dos datos persoais que sexan procesados en aplicación dos principios desenvolvidos neste real decreto considerouse o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e desde o punto de vista do réxime dos dereitos que se puidesen ver afectados, a referencia necesaria foi a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

Na elaboración deste real decreto tívose en conta a Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos, as referencias á utilización terapéutica dos tecidos humanos da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, e a xa mencionada Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida, no que se refire á regulación das células reprodutoras. Por último, desde o punto de vista organizativo, tamén se tiveron en conta as previsións do